



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
EN DATA 6 DE SETEMBRO DE 2016.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas e quince minutos do día seis de setembro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 11.08.2016 E  
ORD. 23/08/2016)**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 11 e 23 de agosto de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos presentes en cada unha delas.

**PUNTO 2.- SUBVENCIONS**

---

Vista a Orde do 12 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA acollerse a esta orde e solicitar unha subvención ó seu abeiro asumindo unha porcentaxe do 20% de cofinanciamento do orzamento total do programa.

Dase conta da Resolución do 26 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se acorda a ampliación do prazo para a resolución definitiva das solicitudes presentadas ó abeiro da Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo, aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 3.- INSTANCIAS**

---

Lese o escrito RE 5.660 de data 5 de setembro de 2016, presentado por DNA. TECLA ALONSO LOMBA, con enderezo na rúa 1ª Transv. Malteses, nº 16 da Guarda, solicitando que se proceda á limpeza da zona do “Regiño” debido á suciedade provocada pola celebración das Festas da Guía.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda dar traslado ó departamento de limpeza para que actúen nese lugar.

Lese o escrito RE 5.485 de data 29 de agosto de 2016, presentado por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O PERCAMINO, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio previstas para os días 1, 16, 24 e 25 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuizo de outras autorizacións sectoriais.

Dase conta dun bloque de escritos refrendados con sinaturas de cidadáns (RE do 5.590 ó 5.607) mostrando a súa queixa polo estado no que se atopa a rúa San Caetano e solicitando o arranxo e reposición inmediata do pavimento, así como a instalación de novas tubarías.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido dos escritos e acorda xirar visita ó lugar para verificar as queixas mostradas aínda que no Concello non se ten constancia dos defectos reseñados neles.

Dase conta dun bloque de escritos do BNG refrendados con sinaturas de cidadáns (RE do 5.460 ó 5.473) demandando ó Alcalde pedáneo de Camposancos e ó Alcalde da Guarda a soliciten informes máis exhaustivos e precisos sobre a idoneidade do lugar elixido para a instalación dunha antena de telefonía móbil en Camposancos, así como que se xustifique a elección da súa ubicación e cales foron os criterios para desbotar outras alternativas.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle ó BNG que se pediron todos os informes esixibles e recomendados para asegurarse da idoneidade da localización e de que o proxecto cumpre estrictamente coa legalidade. En todo caso, o expediente é accesible tanto para o BNG como para os veciños para que poidan aclarar tódalas dúbidas que lles xurdan.

### **PUNTO 4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 2.516/2016.- D. MANUEL VICENTE LOMBA, PARA REPARACIÓN DA CUBERTA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA E MADEIRAS EN MAL ESTADO, COLOCACIÓN DE AISLANTE TÉRMICO, CHAPAS DE FIBROCEMENTO, TELLA CURVA DO PAIS COLOCADA CON GANCHOS DE ACEIRO INOX., IMPERMEABILIZACIÓN DE CANLES DE RECOLLIDA DE AUGAS, INSTALACIÓN DE 2 VENTÁS “VELUX” DE 98 X 78 CMS.; E APLICACIÓN DE SATE DE 4 CMS. DE ESPESOR EN ACABADO DE MORTERO DE COR BLANCO DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE O PORTO Nº. 28, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 2.996/2016.- D. ENRIQUE PEREIRA PADIN, PARA LAVADO CON MÁQUINA DE AUGA A PRESIÓN TODA-LAS FACHADAS DE COTEGRAN, ESQUINAIS E FRANXAS DE PEDRA; E POSTERIOR COLOCACIÓN DE PLAQUETA DE GRES NUNHA SUPERFICIE DE 130,00 M<sup>2</sup>. DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A RODA Nº. 5, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.345/2016.- D. GENEROSO ALONSO LOMBA, PARA REPARAR O TELLADO DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 135,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA ACTUAL E COLOCACIÓN DE TELLA NOVA DE COR MARRÓN TOTALMENTE REMATADO, SITA NA RÚA DE OLIVA Nº. 70, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

Neste momento abandona a sesión o Sr. Rodriguez Gonzalez

EXPEDIENTE: 3.428/2016.- D<sup>a</sup>. ALTAIR CASTRO MARTÍNEZ, PARA AFIRMADO DE PISO EN ZONA DE RODADURA PARA ACCESO Ó CABANÓN SITO NA RÚA DE XUNQUEIRIÑAS Nº. 15, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

Incorporase o Sr. Rodriguez Gonzalez.

EXPEDIENTE: 4.011/2016.- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN CADILLA MARTÍNEZ, PARA REPARACIÓN, REVESTIMIENTO TÉRMICO CON POLIESTIRENO XPS DE 30 MM. E PINTADO DA FACHADA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DO PORTO Nº. 23, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 983/2016.- D. MANUEL GONZALEZ GONZALEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 120,00 M<sup>2</sup> CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICCIÓN EXISTENTE E QUITAR PETO PARA SACAR AS AUGAS FORA E FORMACIÓN DUNHA NOVA CUBERTA A BASE DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS SOBRE ESTRUCTURA EXISTENTE DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE ROSAL, Nº 29 EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº 1 DO P.X.O.U.)

*Sendo as dez horas e cinco minutos o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.*